

ALGUNHAS INSTRUCIÓNS BÁSICAS FINAIS PARA A VIAXE DE 4º DA ESO A BARCELONA E PORTAVENTURA 2023

1. DOCUMENTACIÓN que tedes que levar: DNI e tarxeta sanitaria española (facédelle tamén unha foto para ter no móbil).

2. IDA (xoves 16 de marzo): A saída realizarase dende o Aeroporto de Alvedro. Deberedes estar alí ás 7:00 h (no hall de Saídas). Tedes a comida e a cea deste día 16 incluída, pero se queredes poderedes levar algo para comer (snack, bocata...) entre as 7:00 h que chegamos ao aeroporto e as 13:00 h que será o xantar.

3. VOLTA (luns 20 de marzo): A chegada será tamén ao Aeroporto de Alvedro arredor das 21:30 h.

4. CUARTOS: xa están repartidos segundo as preferencias que indicastes nas follas que cubristes.

5. EQUIPAXE recomendada para ter en conta:

- Pódese levar unha **maleta** dun máximo de 25 quilos e unha **mochila** pequena.
- **Roupa:** debes levar roupa cómoda, combinando roupa de entretempo con algo de abrigo. Debes levar chubasqueiro ou algunha prenda impermeable (están prevista temperaturas entre 10 e 18 graos con previsión de algo de choiva algún dos días). É preciso tamén levar calzado cómodo, pois camiñaremos moito. Para PortAventura é mellor levar roupa de secado rápido.
- **Aseo:** utensilios básicos de aseo diario (cepillo, pasta de dentes, desodorante...), colonia, crema solar e protector labial (imos estar moitas horas ao aire libre). Lembrade levar tamén zapatillas ou chanclas para o hotel.
- **Outras cousas:** é interesante levar unha mochila pequena (para levar nela, por exemplo, chubasqueiro, unha botella de auga para reencher, algún produto de hixiene etc., para os paseos por Barcelona e para PortAventura).

6. PROFESORADO responsable do grupo: na viaxe acompañaravos Mónica Fraga, Silvia Carro, Nel Vidal e Beatriz Méndez. É imprescindible seguir en todo momento as súas indicacións e consellos.

7. DIÑEIRO que tedes que levar: na viaxe está todo incluído excepto dúas comidas (que faredes pola vosa conta en zonas onde hai restaurantes de diverso tipo), polo que é imprescindible levar cartos para iso e mais 10 € que poden pedir de fianza no hotel. O resto

de cartos que levedes (mellor que non sexa moito) poderá ser para algunha compra persoal e pouco máis.

8. SEGUIMIENTO da viaxe: a través da web do IES Rego de Trabe poderase facer seguimento da viaxe a través de fotos diarias que publicará o profesorado acompañante, para que as familias poidan ir vendo.

9. TELÉFONO: cómpre ser responsables (como vos comprometestes no escrito que asinastes) co uso do móbil durante a viaxe, polo que non se poderá usar durante as visitas guiadas (só algunhas fotos), comidas etc. É necesario, iso si, atender o grupo de whatsapp creado para a viaxe, onde recibiredes información, avisos, indicacións e demais e ao que podedes comunicar incidencias. O teléfono do profesorado responsable é: 659 930 426.

10. NORMAS BÁSICAS: para o bo funcionamento da viaxe e o máximo aproveitamento e diversión por parte de todos/as os/as alumnos/as participantes, é imprescindible manter unha boa convivencia, seguir en todo momento as indicacións do profesorado e cumprir de maneira estrita as normas fixadas.

- **Puntualidade:** é imprescindible que estea todo o mundo nos lugares e horas fixadas con total puntualidade.
- **Convivencia e participación** activa en todas as actividades programadas con boa actitude e interese, atendendo ás visitas, guías etc.
- **Horario de descanso:** á hora que cada día indique o profesorado, cada un/ha terá que estar no seu cuarto e respectando o silencio e descanso necesario.
- **Grupos:** nos momentos libres en Barcelona e nos dous días de PortAventura hai que estar sempre en grupos de mínimo de 4 persoas. En todo caso, nunca ningún alumno/a poderá estar só ou soa.
- **Avisos e información por whatsapp:** hai que atender o grupo da viaxe e facer caso ás indicacións e avisos que se envíen.
- **Limpeza:** hai que manter limpo e utilizar de maneira correcta todos os espazos nos que esteamos, tanto os cuartos como autobús, comedor, os espazos públicos etc.
- **Tabaco e alcol:** está estritamente prohibida a posesión e o consumo de alcol, tabaco e de calquera droga e substancia prohibida durante a viaxe. Calquera mínimo incumprimento desta norma será considerado grave e terá consecuencias inmediatas.
- **Incumprimento:** o incumprimento grave das normas supón a expulsión da viaxe e o regreso á casa cos custos á conta da familia.
- **Aproveitamento e diversión:** a viaxe está pensada para pasalo ben, divertirse, convivir, levar un grato recordo deste final da etapa da ESO, coñecer algo Barcelona... E para que todas/os poidades facer isto, o cumprimento destas normas é fundamental. Así que, aproveitade a viaxe ao máximo!